

**Asunto: BECAS FANPA****Data:** Hoy, 10:09:02 CEST**De:** [ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS](#)**1 documento adjunto** Parte de Texto (7 KB)

Bo día,

Enviamos o documento coas cláusulas para as becas xestionadas pola FANPA para o servizo de comedor. O prazo para a entrega de documentación será do 5 ao 9 de outubro, resolvemos as persoas becasadas o día 15. Avisarase por teléfono ás persoas que lle foi concedida a beca. Comezarán no servizo de comedor o día 19 de outubro.

Xunto coa documentación teñen que entregar a ficha de comedor debidamente cuberta.

Só se puntuarán as condicións que sexan acreditadas documentalmente coa solicitude. Non se permite a entrega de documentación fora de prazo.

--

Alba Bouzón Amoedo (Coordinadora de Actividades)

**FEDERACION PROVINCIAL DE ANPA**

**DE CENTROS PÚBLICOS DE PONTEVEDRA.**

**CONFIDENCIALIDADE**

O contido desta comunicación así como o de toda a documentación anexa é confidencial e vai dirixido unicamente ao seu destinatario. No suposto de que vostedes non fose o destinatario, solicitámoslle que nolo indique, que non comunique o contido a terceiros e que proceda á súa destrución.

En cumprimento do Regulamento xeral de protección de datos (UE 2016/679), informámolo de que os seus datos persoais encóntranse incluídos nas actividades de tratamento das que é responsable a Federación de ANPA de Pontevedra e se utilizan para realizar unha correcta xestión na relación que nos vincula.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que o identifique dirixido á:

Federación de ANPA de Pontevedra

Rúa Xan Guillermo, n.º 9, 36002 Pontevedra

Teléfono: +34.986.858.605

E-mail: [actividades@nontedurmas.org](mailto:actividades@nontedurmas.org)

<http://www.nontedurmas.org>

<https://fanpa.gal>

[@FANPApontevedra](https://fanpa.gal)

**Federación de ANPA de Pontevedra**

**Rúa Xan Guillermo, núm. 9, 36002 Pontevedra**

**Apartado de correos núm. 511, 36080 Pontevedra**

**Teléfono: 986 84 34 12**

**Correo electrónico: [actividades@nontedurmas.org](mailto:actividades@nontedurmas.org)**

**Páxina web: <http://www.nontedurmas.org>**

### **REQUISITOS DOS SOLICITANTES:**

- Estar empadroado no Concello de Pontevedra, e convivir cos menores para os que se solicita a beca de comedor. Os menores deben estar matriculados nun centro público do concello de Pontevedra que conte co servizo de comedor xestionado pola FANPA.
- Non ser membro da xunta directiva da ANPA dun dos centros con servizo de comedor xestionado pola FANPA.
- Non ter situación de impago coa empresa que presta o servizo de comedor, nin coa FANPA.
- Non ter sido beneficiario de beca de comedor máis de dous anos consecutivos por parte da FANPA.
- Non contar cuns ingresos per cápita superiores ó 100% do IPREM.

De non cumprir con algún dos requisitos esixidos a solicitude quedará excluída.

A FANPA resérvase o dereito a solicitar documentación complementaria que xustifique a situación declarada polos solicitantes.

### **CRITERIOS DE VALORACIÓN:**

#### **A. SITUACIÓN LABORAL DOS PAIS OU TITORES LEGAIS**

	<b>Situación</b>	<b>Puntuación</b>
	<b>FAMILIAS CUN SÓ PROXENITOR OU UN SÓ TITOR LEGAL</b>	
A.1	Familia dun só proxenitor en situación de desemprego	0
A.2	Familia dun só proxenitor en situación activa	10
	<b>FAMILIAS CON DOUS PROXENITORES OU TITORES LEGAIS</b>	
A.3	1 só proxenitor ou titor legal con emprego	4
A.4	Dous proxenitores con emprego	10
A.5	Ambos proxenitores en situación de desemprego	0

#### **B. SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA**

Para o cálculo desta puntuación terase en conta os ingresos brutos anuais de tódolos integrantes da unidade familiar de convivencia. Terase en conta ós cónxuxes ou titores legais ou parellas de feito, fillos maiores ou menores de

idade, ascendentes dos cónxuxes que convivan, así coma outras persoas con lazos familiares que convivan cos menores para os que se solicita a beca.

	<b>Situación económica da unidade familiar de convivencia. Renta per cápita anual*</b>	<b>Puntos</b>
B.1	< 50% do IPREM anual	0
B.2	< ou igual ó 50% do IPREM e menor ó 60%	10
B.3	< ou igual ó 60% do IPREM e menor ó 70%	8
B.4	< ou igual ó 70% do IPREM e menor ó 80%	6
B.5	< ou igual ó 80% do IPREM e menor ó 90%	4
B.6	< ou igual ó 90% do IPREM e menor ó 100%	2

\*Renta per cápita: Ingresos brutos anuais da unidade familiar de convivencia, dividido entre o número de membros da unidade familiar.

**\*\*IPREM**

Tal y como recoge en el Boletín Oficial del Estado, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2019 (Disposición adicional octogésima cuarta), los valores del IPREM quedan fijados para 2017 y prorrogado para los años 2018 y 2019 en los siguientes valores.

- IPREM anual: 6454,03 euros/año

*LEY 3/2011, de 30 de junio, de apoyo a la familia y a la convivencia de Galicia.*

Artículo 13. Concepto.

A efectos de la presente ley, se entiende por familia monoparental el núcleo familiar compuesto por un único progenitor o progenitora que no conviva con otra persona con la que mantenga una relación análoga a la conyugal y los hijos o hijas menores a su cargo, siempre que el otro progenitor o progenitora no contribuya económicamente a su sustento.

**C. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DO MENOR**

	<b>Situación</b>	<b>Puntos</b>
C.1	Incompatibilidade cos horarios de comedor por cuestións laborais.	4
C.2	Familias numerosas	2
C.3	Persoa da unidade familiar que compute para o cálculo do IPREM cun certificado de discapacidade superior ou igual ó 33%	2
C.4	Menor para o que se solicita a beca cun certificado de discapacidade superior ou igual ó 33%	2
C.5	Ter disfrutado dous anos ou máis de beca de comedor xestionada pola FANPA	0
C.6	Ter disfrutado de beca de comedor xestionada pola FANPA menos de dous anos	2

#### CRITERIOS DE SELECCIÓN:

As becas concederanse ás familias con maior puntuación de cada centro, ata agotar 3 becas por centro. O resto de familias quedarán en lista de espera por centro ordeadas de maior a menor puntuación. Para poder atender a máis familias a FANPA poderá decidir dividir algunhas becas completas en dúas de 3 días á semana.

De chegar solicitudes de situación que teñan lugar despois do prazo de presentación, incluíranse na lista de espera de cada centro según a puntuación alcanzada no lugar que lles corresponda.

No caso de empate en puntuación, terase en conta a maior puntuación obtida no apartado B, en segundo termo a puntuación do apartado A e en derradeiro lugar o apartado C.

#### DOCUMENTACIÓN:

- Padrón municipal de habitantes conxunto.
- Documento que acredite onde está matriculado o neno.
- Certificado da ANPA do centro de non pertencer á xunta directiva.
- Derradeira declaración da renda e certificado da seguridade social onde figure a situación actual laboral ou de prestación de pensión ou subsidio.

- En base ó padrón conxunto, documentación que acredite os ingresos dos membros da unidade familiar para calcular a renda per cápita. (declaración da renda de cada membro).
- Familia monoparental, documento que acredite a falta de aportación económica por parte do outro proxenitor.
- Certificado da empresa onde se indique o horario de traballo.
- Certificado de familia numerosa.
- Documento do recoñecemento da discapacidade superior ó 33%.

A FANPA poderá pedir documentación adicional para clarificar calquera aspecto da solicitude.

O cambio nalgunha das situacións acreditadas suporá a reavaliación da beca.

O incumprimento das normas de comedor así coma as ausencias inxustificadas reiteradas suporá a perda da beca.